



## DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente núm.: 2024/G010/000198

Expediente núm.: 2024/G003/000086

**Asunto:** convocatoria sesión extraordinaria e urxente Concello Pleno

Motivación celebración sesión extraordinaria e urxente:

Resultando necesario o pronunciamiento do Pleno do Concello sobre determinados asuntos cuxa resolución non permite esperar a ser tratados na vindeira sesión ordinaria da Corporación municipal.

Logo de ver o anterior, enterado da relación de expedientes e de ver os artigos 77 e seguintes do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidade Locais (en adiante ROF), e demais lexislación concordante.

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

### RESOLVO

**Primeiro.-** Convocar a **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE do CONCELLO PLENO** o día **8 DE FEBREIRO DE 2024 (XOVES)**, ás **21:00 horas (nove da noite)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

#### ORDE DO DÍA

1	RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN
2	PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Expediente electrónico: 2024/X999/000990. Expediente decreto: 2024/G003/00169. Asunto: ratificar o decreto da alcaldía núm. 158/2024, do 31 de xaneiro, co asunto: NOVA ADHESIÓN AO PROXECTO DE APLICACIÓN DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS, NÓMINAS E SEGUROS SOCIAIS GINPIX DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
3	PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Expte núm.: 2023/C003/000011. Asunto: aprobación do proxecto modificado da obra <i>Mellora de beirarrúas e instalacións no tramo incial da Avda. do Brasil (AC-400)</i> , incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos). POS+2022. Anualidade 2022, co código de obra 2022.2100.0051.0.
4	PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Asunto: aprobación do POS+adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios.
5	PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Expte núm.: 2023/A003/00013. Asunto: aprobación participación Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+2024

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

**Segundo.-** Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito, así como do



recibo da/s acta/s da/s sesión/s do Concello Pleno para a súa aprobación:

NOME E APELIDOS	GRUPO POLÍTICO	TIPO NOTIFICACIÓN
ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
ESTEFANÍA CALVELO MUÑIZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
MARÍA SALOMÉ BUSTELO LÓPEZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
JUAN JOSÉ LÓPEZ MUÑOZ	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
JOSEFA MARÍA CALVO VILAR	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
SILVIA CANCELA BLANCO	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
FERNANDO BAÑA DOMÍNGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL



ANDY GARCÍA PEREIRA	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
---------------------	----	-------------------------------

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interperse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interperse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

Alberto Romar Landeira

Dou fe, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada